



12

**que sabes
de Galicia?**



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística





Objetivos

Objetivos desta unidade:

- ❖ Como dar e pedir información con distintos graos de seguridade
- ❖ Como discutir información
- ❖ Como transmitir desexos
- ❖ Como expresar solidariedade

Coñecemento do código

- ❖ SE reflexividade, impersonalidade, involuntariedade
- ❖ A voz pasiva
- ❖ Postais e tarxetas
- ❖ Fórmulas para pedir e dar información
- ❖ Signos de puntuación
- ❖ Xeografía
- ❖ Tradicións e costumes





Actividade introdutoria



1. Imaxina que vas cambiar de traballo e que tes que dar un discurso de despedida. Que dirías e que omitirías nesa situación? Coméntao co teu compañeiro ou coa túa compañeira.

1. Desexarlles boa sorte aos teus compañeiros.
2. Expresar alegría polo novo traballo.
3. Lembrar unha anécdota.
4. Desculparte polos posibles erros cometidos.
5. Agradecer a presenza dos teus colegas.
6. Agradecer o bo trato recibido no traballo.
7. Xustificar por que abandonas o traballo.
8. Contar un chiste.
9. Animar os teus compañeiros a buscar outro traballo.
10. Agradecer o regalo que recibiches dos compañeiros.
11. Criticar unha persoa do traballo.

2. Angélica, a quen coñeches na primeira unidade, vai deixar o seu traballo e a cidade. Está celebrando a despedida cos compañeiros do curso. Escóitaa e marca que cousas da lista anterior fai no seu discurso e en que orde as di. 



REFLEXIVIDADE DALGÚNS VERBOS

O pronome reflexivo funciona como complemento directo; cando este complemento xa vai expreso, non se poden usar os verbos reflexivamente:

Lava as mans/Lávase (pero non Lávase as mans)

Queimou un dedo/Queimouse

1. Adoitan ser reflexivos verbos que indican **vida interior ou movemento**: *erguerse, inclinarse, encollerse, deitarse, lembrarse, queixarse.*

Érguese ás 8 todos os días. (pero Ergue a cesta á cabeza sen problemas)

Lembrouse do meu aniversario.

2. Os verbos que indican **cambio de estado** adoitan non ser reflexivos: *baixar, caer, marchar, calar, casar, morrer, espertar, parar, quedar, subir.*

Caeu na fonte.

Subiu á cerdeira.

3. Algúns verbos implican un matiz determinado se se conxugan co pronome reflexivo:

Estarse: permanecer.

Estate quieta e non te movas mentres eu non volva!

Quedarse: perder o sentido, morrer.

Deu un suspiro e quedóuselle nos brazos.


4. Verbos que **cambian o significado**: *afogar/afogarse; parecer/parecerse.*

Parece parvo./Párecese moito á súa mai.

5. Verbos que só se poden construír coa forma **reflexiva**: *atreverse, dignarse, suicidarse, arrepentirse, inmutarse.*

Non se dignou a mirarme.

Nin se inmutou cando soubo a noticia.




1. Elimina a forma verbal que non sexa correcta.

1. Subiu/Subiuse á pereira e caeuse/caeu desde o alto.
2. Lavouse/Lavou a cabeza esta mañá.
3. Antonio ergue/érguese tarde todos os domingos.
4. Sempre lembra/se lembra de ti.
5. Afogáronse/Afogaron dous mariñeiros no naufraxio do martes pasado.
6. Ana casa/cásase o 30 de agosto.
7. Arrepentiuse/Arrepentiu do que dixera.
8. Afeitouse/Afeitou a barba para saír.
9. Caeulle/Caéuselle o libro das mans.
10. Ese rapaz atreve/atrévese a calquera cousa.

VERBOS QUE EXPRESAN UNHA TRANSFORMACIÓN: POÑERSE, VOLVERSE, FACERSE

Usamos:

- *Poñerse* para expresar cambios espontáneos e non permanentes no estado de ánimo.
Púxose moi triste ao saber que suspendera o exame.
- *Volverse* para expresar cambios de carácter, personalidade e comportamento.
Desde que o roubaron volveuse moi desconfiado.
- *Facerse* para expresar evolución persoal, profesional ou social.
Fíxose rico da noite para a mañá.



2. Poñerse, volverse ou facerse?

Estas persoas sufriron diversos cambios. Para descubrilos, terás que completar as frases cos verbos axeitados.

Antonio _____ tolo cando perdeu o traballo.

Xoán _____ moi gordo ao deixar de fumar.

Sara desde que cumpriu 18 anos _____ insoportable.


Despois da experiencia do *Prestige*, Carme _____ máis solidaria.

María estaba moi triste porque rompera co mozo, pero onte volveuna chamar e _____ moi contenta.

Cristina era moi sociable, pero desde que cambiou de traballo _____ moi antipática.

Despois da súa viaxe á Ribeira Sacra, _____ un experto en viños.





SE IMPERSONALIDADE

Procesos que ocorren sen intervención das persoas:

Danse clases de latín e grego.

Na aldea vívese ben e cómese san.

SE INVOLUNTARIEDADE

Procesos que lle ocorren a alguén sen a súa vontade:

Estragóuseme o ordenador.

Queimóuseme a pota que tiña ao lume.



En galego non son correctos: *caéu-
sese ao chan e *rompéuseme.

A PASIVA

Voz pasiva

Fórmase co verbo **ser e o participio** do verbo que achega o significado, que aparece co mesmo xénero e número có suxeito pasivo. Úsase especialmente nos textos periodísticos e históricos.

Estrutura activa

Os veciños viron o atracador na rúa do Franco.

O director presentou o informe.

Estrutura pasiva

O atracador foi visto polos veciños na rúa do Franco.

O informe foi presentado polo director.


Pasiva con SE

A **pasiva impersoal ou pasiva reflexa** é a construción máis frecuente. O verbo está en terceira persoa de singular ou plural, concertando co suxeito paciente e o axente non se expresa:

Aínda non se identificaron todos os corpos.

Véndese piso.

Prémese un botón.



3. Le o seguinte artigo. Perdéronse algunhas formas en pasiva. Intenta recuperalas, os verbos son:

escoller

considerar

elixir

recoñecer(2)

Premios da Edición 2007



Made in Galiza, mellor libro do ano

A obra de Séchu Sende, editada por Galaxia, recibiu o premio ao mellor libro do ano. *O único que queda é o amor* (Xerais), de Agustín Fernández Paz, _____ mellor libro infantil e xuvenil, mentres que Anxos Sumai _____ como a mellor autora do 2007.


A Noite da Edición, organizada na Coruña pola Asociación Galega de Editores, elixiu as obras máis destacadas do 2007 no país. *Made en Galiza* (Galaxia), de Séchu Sende, _____ como mellor libro do ano (Premio Ánxel Casal), superando os outros dous candidatos, *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*, de Xusto Beramendi, e *Para que serve a Historia de Galicia?*, de José Carlos Bermejo Barrera.

En canto ao Premio Neira Vilas ao mellor libro infantil e xuvenil, o gañador foi *O único que queda é o amor* de Agustín Fernández Paz, ficando como finalistas *Minimaladas*, de Carlos López, e *Xela volveuse vampira!*, de Fina Casalderrey. Pola súa banda, Anxos Sumai _____ como a mellor autora do ano, que ao obter máis votos ca Agustín Fernández Paz, Pepe Carreiro e Suso de Toro.

Premios á tradución, á ilustración e á promoción editorial

Xavier Senín gañou o Premio Lois Tobío ao mellor libro traducido, con *A Odisea*, editado por Rodeira. Mentres, Baía Edicións fíxose co premio Isaac Díaz Pardo ao mellor libro ilustrado por *Guía de mamíferos de Galicia*, ilustrado por Carlos Silvar. Finalmente, o Salón do Libro de Pontevedra _____ o labor de promoción editorial máis sobresaliente 2007, por diante do programa da Radio Galega *As Quimbambas*, do suplemento literario de *Tempos Novos* "Pretextas" e da sección de Cultura do *Galicia Hoxe*.

A Noite da Edición, na que estiveron presentes diversas autoridades, serviu tamén para homenaxear, na sección de "Edición histórica" os editores de *A Nosa Terra*, *La Voz de Galicia* e *Alvarellos Editora*. ”



COMPARTIR ALEGRÍA E TRISTEZA, SOLIDARIEDADE

Para transmitir desexos de felicidade, usamos fórmulas como:

Moitas felicidades!

Feliz aniversario!

Que pases un bo día!

Deséxovos toda a felicidade!

Bo Nadal!

Feliz ano!

En hora boa polo teu traballo!

Parabéns!

Para expresarlle solidariedade a outra persoa con motivo dun suceso triste, usamos:

Síntoo moito.

Acompáñote/o no sentimento.

Permitame transmitirille o meu máis sincero pesar.

Lamento...

Para desexar unha pronta recuperación:

Espero que te recuperes pronto!

Que te mellores axiña!

Para brindar:

Por María!

Saúde!

Para agradecer:

Moitas grazas.

Moi agradecido.

Non tiñas por que comprar nada.

Para desculparse por algo:

Quero desculparme contigo por...

Sinto moito que...

Perdón!

Para despedir a alguén:

Que che vaia moi ben no teu novo traballo!

Botarémoste de menos!

Para invitar a alguén:

Queres vir á miña festa de aniversario?



4. Que lles dirías a estas persoas nestas circunstancias?



1. _____

2. _____

3. _____


4. _____

5. _____



5. Escribe un texto de felicitación ou solidariedade para cada unha destas tarxetas:





PEDIR E DAR INFORMACIÓN (1)

1. Para pedir información usamos:

- Preguntas sen partícula interrogativa: **Sabe/s se...?**

Sabes se Chantada está na provincia de Lugo?

- Preguntas con partícula interrogativa: **Sabes cal/cando/quen/que/como...?**

Sabes onde está Chantada?

- Preguntas con partícula interrogativa e preposición: **Sabes de onde...?, Sabes desde cando...?**

Sabes de onde saen os catamaráns?

2. Para lembrar usamos:

- Fórmulas como: **Lembras...?, Acórdaste de...?**

Lembras a páxina de turismo?

3. Graos de seguridade:

- **Cal é...?, Eu diría que..., Debe de ser...**

Que viño se produce nesta comarca?

Debe de ser...

- **Estás seguro/a?**


Non estou moi seguro/a.

Si, segurísimo/a.

- Para pedir confirmación: **Verdade?, Non si?**

Nesa zona hai moitas adegas, verdade/non si?

Si, creo que si.



PEDIR E DAR INFORMACIÓN (2)

4. Para mostrar desacordo usamos:

Chantada está na provincia de Ourense.

Non, Chantada, non.

Non, que va, está en Lugo.

En Ourense?, non creo.

- Para insistir

Que si, que si.

Que non, que non, que estás trabucado.

Dígoche que...

5. Descubrir os propios erros:

Chantada está en Lugo.

Si, si, é certo.

Non me acordaba. Tes razón.

Ah, si, eu cría que...

6. Viaxe de fin de curso á Ribeira Sacra

A Preparamos a viaxe.

Dividimos a clase en grupos. Cada grupo programará a súa viaxe.

a) Pregúntalles aos compañeiros do teu grupo se saben algo da zona.


Lembra e usa as fórmulas para pedir e dar información.

- *Sabes que mosteiros hai por esta zona?*

- *Creo que alí está o Mosteiro de San Pedro de Rocas, que é o máis antigo e orixinal de Galicia.*

- *Estás seguro?*





b) Busca o resto da información que precisas en enciclopedias, libros de turismo, en internet ou preguntalle ao profesor.

- Sabes onde buscar información en internet?
- Podes mirar en <http://www.turgalicia.es/>
- Ou mellor vai a <http://www.ribeirasacra.org/>



Para planificar ben a viaxe serache útil seguir este esquema:

Como chegar e desprazarvos?

Horario de catamaráns, apertura de mosteiros...

Que tempo fará?

Onde aloxarse?

Turismo rural, hoteis e pensións...

Onde comer?

Restaurantes, adegas...


Que ver?

Lugares de interese e patrimonio: Canóns do Sil, mosteiros...

Natureza: fauna e flora.

Que comprar?

Artesanía e produtos típicos.




B O plan de cada grupo.

Cada grupo explícalle ao resto da clase a súa viaxe particular. O cadro pode servir de axuda.

O noso plan é	ir a _____ saír o día _____ e volver o día _____
Levaremos	paraugas, abrigo, _____
Queremos	aloxarnos en _____ pasar un día/x días en _____
Preferimos	visitar/estar en _____ xantar en _____
Aproveitaremos para	comprar _____
	porque a nós gústanos/interésanos moito _____





SIGNOS DE PUNTUACIÓN (1)

1. **O punto.** Indica a fin das oracións. Hai tres tipos:

Punto e seguido: separa as oracións dun parágrafo.

Punto e á parte: separa os parágrafos dun texto.

Punto e final: sinala o remate dun texto.

ponse punto ao final das abreviaturas, omítese nas siglas e nos símbolos:

Sr., D., m (metro), DOG

2. Os **signos de interrogación.** Escríbense ao final dun enunciado que expresa unha pregunta:

Como te chamas?

3. Os **signos de exclamación.** Escríbense ao final de enunciados que expresan alegría, enfado, sorpresa:

Vaia medo!

* Para facilitar a lectura e evitar ambigüidades, os signos de interrogación e exclamación tamén se poden usar no inicio dos enunciados.

4. Os **puntos suspensivos.** Indican o final dun enunciado que queda incompleto:

Día de todo...

Poden indicar dúbida, temor ou sorpresa: *Eu... non sei que facer.*

5. A **coma** indica unha pausa interna. Úsase para:

- separar os elementos dunha enumeración:


Merquei libros, discos e revistas.

- sinalar a omisión dunha forma verbal:

Anxo é electricista; Xesús, carpinteiro.

- separar o vocativo do resto da frase:

Dime, Ana, que che parece?



SIGNOS DE PUNTUACIÓN (2)

- separar as expresións tipo: é dicir, isto é, en fin, polo tanto, ademais...:

Se fas o que che pido, é dicir, que volvas axiña, déixote saír.

- marcar incisos ou aclaracións:

O 25 de xullo, Día da Patria, é festivo.

6. O **punto e coma**. Separa os membros dunha enumeración, cando algún deles xa contén comas:

Pensou que non ía dar feito un traballo tan longo, tan complicado; pero ao final conseguíuno.

7. Os **dous puntos**. Poden indicar unha pausa interna e úsanse:

- diante dunha enumeración explicativa:

Cando empece a ferver, engade: patacas, fabas, chourizos...

- tras a fórmula de saúdo das cartas:

Benquerido amigo:

- despois de fórmulas tipo: expón, solicita... nos documentos administrativos.

Poden indicar unha cita, úsanse para reproducir as palabras de alguén:

O xefe dixo: xa podemos empezar.

OLLO! Tras os dous puntos e, á parte, úsase inicial maiúscula:

Querida Rosa:

Aproveito a carta para...

A Xunta de Galicia DISPÓN:

Que na data de hoxe...


8. As **comiñas**. Indican unha cita. Encerran as palabras literais dunha persoa.

"A Galicia de hoxe é herdeira do voso traballo", salientou o presidente.

9. A **raia**. Introduce as palabras das persoas que interveñen nun diálogo ou separa as anotacións que intercala o narrador, tamén se usa para marcar incisos ou aclaracións.

—Bos días, María— dixo Sabela.

Ramón —o curmán de David— é futbolista.



SIGNOS DE PUNTUACIÓN (3)

10. A **paréntese**. Marca incisos ou aclaracións.

O INE (Instituto Nacional de Estadística) está analizando os datos.

11. O **guión**. Marca a división de palabras.

- Divide as palabras en final de liña.

OLLO!

Non se poden separar as vogais en ditongo: *quei-/xo*, *lin-/gua*

Non se poden dividir os grupos consonánticos: *pro-/blema*, *ins-/titución*


Non se poden dividir os dígrafos (nh, qu, rr, lle, ch): *ningu-/nha*, *ma-/chado*

Non se debe deixar unha vogal soa ao final ou ao principio de liña: *oí-/do*

- Separa palabras (*dicionario alemán-galego*), sílabas (*a-ca-dé-mi-co*), números (*1990-2000*)

- Separa a segunda forma do artigo.






1. No seguinte artigo lerás unha entrevista a Marisa Núñez. Faltan moitos signos de puntuación: puntos, comas, puntos e comas, signos de interrogación, comiñas, parénteses... Xunto co teu compañeiro, intenta localizar todos os que cres que deben estar.

PREMIO INTERNACIONAL DE LITERATURA INFANTIL

Marisa Núñez Cos nenos non te enganas se lles gusta un conto sábelo



A autora converteuse o domingo na primeira autora da Península en gañar o Premio Internacional de Literatura Infantil da Fundación 'Espace Enfants', co libro *Chocolata*.

Chocolata toma o seu baño diario na lagoa un día escoita que na cidade hai unha casa de baños e sae de viaxe coa intención de probar e quen é Chocolata Chocolata é unha hipopótama á que lle gusta enlamar. Marisa Núñez converteuse o domingo na primeira autora da Península en gañar o Premio Internacional do Libro Infantil Espace Enfants co seu libro *Chocolata* ilustrado pola austríaca Helga Bansch e publicado pola editorial galega Oqo en galego castelán catalán inglés

francés e portugués nacida en Sarria, Marisa leva vinte anos traballando como mestra de educación infantil esta mañá recibiu no colexio moitísimas felicitacións de antigos alumnos agora algo máis grandiños e de seus pais.

Vieiros: Sorprendida polo premio Sabías que o teu libro competía ou foi cousa da editorial


Marisa Núñez: Comunicáronme que gañara uns días antes de facelo público pero si no momento fiquei bastante sorprendida. Sobre todo polo que dis porque nin sabía que a editorial presentara o libro. Creo que foi o ano pasado en Bolonia, que os membros da organización do premio foron por cada posto pedíndolles aos editores que presentaran as obras

Pero a noticia é moi importante, non A primeira vez que un libro escrito na Península gaña o premio

Si é a primeira vez e é moi importante porque isto permitiranos estar aínda máis presentes a nivel internacional, nas feiras do sector. E estou moi contenta tamén polo carácter do premio por quen o outorga a Fondation Espace Enfants

Cantos anos teñen os teus alumnos

Son mestra de infantil dou todo o ciclo entre 3 e 5 anos.



O feito de darlles clase aos meniños inflúe moito no que escribes

Cos nenos non te enganas se lles gusta un conto gústalles e sábelo e se non lles gusta tamén o sabes. Con eles sabes se un conto funciona

Quen é Chicolata?

É unha hipopótama en realidade iso sábese pola ilustracións, os personaxes no texto teñen perfís humanos que se está a bañar na súa lagoa e escoita que hai unha casa de baños na cidade. Como lle gusta moito a auga e enlamarase de aí o de Chicolata vai e coñece a urbe. Merca moitas cousas e ao volver á casa desfaise de todo o que mercou decatándose do que de verdade é importante e desprendéndose do que non necesita

Chicolata está traducido a oito linguas. A literatura infantil é universal

Os contos teñen que ser universais si despois os nenos aprópanse e fanos seus aprendendo deles sobre o mundo sobre a interculturalidade


A que cres que se debe o éxito que acceda a literatura infantil galega en todo o mundo

Agora hai máis ambición literaria e estase facendo un esforzo por editar álbums de calidade e por traballar con xente moi boa xente de todo o mundo. Cando iso se consegue facer un libro de calidade o éxito está asegurado.

Pensas abandonar o ensino nalgún momento?

Creo que non como moito nalgún momento tomarei un descansinho é importante non perder nunca de vista o receptor e recuperar a mirada da infancia aos nenos pódeseles falar de calquera tema só hai que coñecer o código.

Texto adaptado de <http://www.vieiros.com> - 19/11/2007



Galego en acción


Un concurso sobre cultura galega

1. Trata de responder estas preguntas.

Compara e discute as respostas co teu compañeiro ou coa túa compañeira.



1. Tres escritores:
2. Dous cantantes:
3. Un pintor:
4. Unha gaitreira:
5. Un político:
6. Un prato típico:
7. Un museo:
8. O título dunha novela:
9. Unha película de animación:
10. Un viño:
11. Unha editorial:
12. Un cociñeiro famoso:
13. Un programa cultural da radio ou da televisión galega:
14. Quen é Tamar Novas? Un escritor ou un actor?:
15. Quen dirixiu Hotel Tívoli?:
16. Cal é o símbolo dos peregrinos?:
17. Un lugar onde se teña lugar a rapa das bestas:
18. Un portal de internet onde poidas ler as noticias sobre Galicia e o mundo:
19. Foi a Torre de Hércules declarada Patrimonio da Humanidade pola Unesco?:
20. Agustín Fernández Paz é un gaitreiro ou un escritor?:
21. Quen preside actualmente o Goberno galego?:
22. Cal é o prefixo telefónico para chamar a Ourense?:
23. En que parte de Galicia está Muxía?:



Que se sabe de Galicia?

2. Traballamos en grupos e preparamos o noso concurso:

Cada grupo elabora un novo cuestionario (10 preguntas) para os outros equipos. Pódese preguntar sobre xeografía, economía, arte e cultura, personaxes famosos, costumes, lingua...


Entrégaselle unha copia do cuestionario coas solucións ao profesor.

Danse 10 minutos para buscar as solucións.

Un representante de cada grupo le as preguntas e dá as respostas.

O profesor di se son correctas ou non. Se un grupo non sabe algunha resposta, poden responder os outros grupos.

Gaña o grupo que acerte máis preguntas.



Contido sociocultural

A matanza do porco

1. Le os seguintes textos.



A MATANZA DO PORCO


A matanza é unha manifestación cultural e social representativa dun modo de vida. A matanza e a vendima son, hoxe, as únicas actividades comunitarias que quedan para relacionar a familiares, veciños próximos e amigos.

A través da matanza refórzanse os lazos de solidariedade e axuda, hai tempo para traballar, brincar, conversar, rexoubar e comer. Mágoa que o despoamento rural e a aparición da chamada comida rápida están a acabar con este ritual.

A matanza é a fin da etapa de cría e ceba do porco e o comezo dunhas reservas das que vai botar man o campesiño para a súa alimentación ao longo do ano. O proceso iníciase coa cría do animal, que se leva a cabo, fundamentalmente, nas granxas durante os tres primeiros meses de vida e, logo, cébase na casa ou mércase xa cebado cando acada arredor dos 100 quilos de peso. O inicio das matanzas vén marcado polo San Martiño, festividade que se celebra o 11 de novembro e que foi recollido no refraneiro popular da seguinte maneira: *a todo porco lle chega o seu San Martiño*, que á parte de fixar a época da matanza ten unha segunda intención. Hoxe o refrán utilízase só coa segunda intención, pois o cambio climático atrasou as matanzas ata a época de xeadas e frío que se produce mediado o mes de decembro[...].

O cría de porcos experimentou nos últimos 30 anos grandes transformacións. Xeneralizouse a explotación en granxas e abandonouse a cría nas casas. Introducíronse novas razas para mellorar a rendibilidade no crecemento e na produtividade que fixeron desaparecer practicamente a raza autóctona do porco celta. Abandonouse a alimentación por verzas, landras, castañas, millo e, a partir do Real decreto 20/02/95, prohibiuse a matanza tradicional para evitar o sufrimento do animal.

Benxamín



Parécelle ben que se prohiba a matanza tradicional de porcos en Galicia?

A lei 32/2007 para o coidado dos animais entrou en vigor o sábado 8 de decembro, cando media Galicia celebra unha liturxia que sofre os embates da modernidade, pero que aínda conserva un notable arraigamento cultural: a matanza do porco. Un dos preceptos que establece esta lei é a obrigatoriedade do atordamento previo no sacrificio dos animais de produción, algo que xa era preceptivo, pero que, por vez primeira, conta cunha norma de rango suficiente como para tipificar claramente as infraccións e establecer un réxime sancionador. A consecuencia é que sacrificar un porco sen aparvalo previamente suporá unha infracción leve da lei e poderá ser sancionado con multas de ata 600 euros. Parécelle ben que se prohiba a matanza tradicional de porcos en Galicia?

Paréceme terrible que se siga matando o porco de forma tradicional, facendo do sangue e da dor unha festa que celebrar. Debería evitarse o sufrimento que este pobre animal padece. Lidia

Eu entendo que nos guste o porco, pero de aí a facelo sufrir dun xeito tan inhumano... somos máis animais que os propios animais! Ztara


A matanza do porco, como calquera outra, paréceme unha crueldade innecesaria, máis aínda se non se aparva o animal previamente e se diso se fai espectáculo. Cristina

Textos adaptados de <http://www.lavozdegalicia.es> 2/12/2007

Ninguén pensa no sufrimento dos touros na praza... desde logo que é moito peor e máis agónica, non credes? Eu síntoo polo porco, pero gústame comer as frebas, os callos, a costela, o cocido e poder reunirme cos meus veciños unha vez ao ano para compartir unha ata de chourizos e en moitas vilas é a festa que queda, é a festa que hai.

Marisa

Texto adaptado de <http://boards5.melodysoft.com/> - 9/12/2007



Que opinas sobre a matanza tradicional dos porcos en Galicia? Pregúntalles aos teus compañeiros.

Estades de acordo coas opinións anteriores? Que vos parece a mensaxe de Marisa?


Festas tradicionais

2. Os Magostos, o Entroido, os maios ou os reis aínda se celebran en moitas partes de Galicia, pero outras festas, coma o fiadeiro, perdéronse.

Participades neste tipo de celebracións? Como?

Comentádeo na clase.






1. Le estes dous textos sobre o ensino.



O Informe PISA sitúa o ensino galego entre os seis mellores do Estado

A Organización para a Cooperación e Desenvolvemento Económico (OCDE) realiza periodicamente un informe (o PISA) que mide a capacidade dos estudantes de 15 anos para enfrontarse á vida cotiá. Un documento que goza de gran prestixio e cuxos últimos resultados foron avanzados na revista *Maxisterio*. O informe evidencia que o sistema educativo español non mellora (está de 26 na listaxe mundial) e que dentro do Estado hai grandes diferenzas. Entre as comunidades mellor situadas está Castela e León, a Rioxa e Aragón. Galicia obtén 505 puntos, o que a sitúa sexta en España, por diante do nivel dos suecos e dos daneses. Malia que descende dous postos no conxunto estatal, consegue catro puntos máis ca no informe anterior.



Participación dun estudante no chat do portal de ensino Magisnet o día que se publicou o Informe Pisa 2007

Estimados lectores: Son un estudante cubano que estuda en España. Cando cheguei a este país, as miñas expectativas na orde educativa eran grandes, por moitas razóns que non vou mencionar. Sorpresa me causou, ao interactuar coa comunidade estudiantil e docente, o baixo rigor, o baixo nivel de análise dos estudantes, os cales parecen amanuenses empedernidos copiando o que di o profesor na aula, sen deterse a levantar a cabeza nin a emitir un criterio a favor ou en contra dos expostos na aula polo profesor. Sorprendeume, e dígoo con todo o respecto do mundo, a falta de iniciativa académica dos alumnos, que asisten á universidade para aprobar, non para aprender ou, mellor dito, para crear competencias para o futuro profesional. No meu país, sumido nun control estatal total, ensináronme a estudar, a esforzarme para poder obter os meus obxectivos, os que me propuxen ao entrar na universidade. Creo que ningún país serio que se respecte pode soportar a implantación de leis en cada legislatura, é unha tolería que terá consecuencias evidentes. Non esquezamos que a secundaria básica é un nivel importante e decisivo para poder soste os niveis superiores de ensino. Saúdos.

Mateo López (Salamanca) 29/11/2007

Texto adaptado da mensaxe publicada polo autor en <http://www.magisnet.com>

2. Como cres que está o ensino galego hoxe?

Cres que era mellor hai anos, na túa nenez, xuventude?

Cres que se pode mellorar? Como?

Que consellos lles darías aos políticos, aos profesores, aos pais e aos alumnos en xeral?

3. Redacta un informe sobre o ensino no curso de galego que estás a piques de rematar.



Repaso

1. A voltas cos SE.

Marca os SE que atopas nas seguintes frases. Son marca de reflexividade, impersonalidade, da pasiva...? Coméntao co teu compañeiro.

- Perdoe, pode repetir, non se oe ben.
- Prohíbese o uso de cámara fotográfica.
- Bórdanse sabas de liño á man.
- O detido suicidou-se.
- Mércase e véndese ouro.
- Alúganse coches.
- Arrepentiuse do que fixera.
- Impártense clases de piano.
- Avarióuselle a cámara de vídeo.
- Que se sabe de Galicia polo mundo?
- As castañas vendéronse moi ben na última feira.

2. O baúl dos recordos.

Ao longo destas unidades falamos de...

Lembras por que destacan estes galegos famosos? Fai as asociacións necesarias e comenta o que lembres deles co teu compañeiro ou coa túa compañeira

Toñi Vicente	Jairo Iglesias	Castelao	Fran Alonso
restauradora	<i>Sempre en Galiza</i>		<i>Rosa dos ventos</i>
<i>Herba moura</i>	<i>Sempre Xonxa</i>	<i>Cartas de amor</i>	Óscar Pereiro
Luís Tosar	Chano Piñeiro	gaiteira	Teresa Moure
actor	ciclismo		Manuel Rivas
	Cristina Pato	<i>Que me queres amor</i>	



O discurso do último día da clase

1. En parellas ou en pequenos grupos, tedes que preparar un pequeno discurso de despedida para lerlles aos vosos compañeiros.


Antes, preparede un borrador. Podedes incluír:

- Opinión sobre o curso.
- Anécdotas que lembrades.
- Dificultades.
- Progresos durante o curso.
- Bos desexos.
- Agradecementos.
- Desculpas.
- Outros.

2. Cada parella diríxese ao grupo e le o seu discurso. A clase decide cal foi o:

1. Máis divertido.
2. Máis simpático.
3. Máis orixinal.
4. Máis triste.
5. Máis optimista.
6. Máis emotivo.






Que sei facer?

Son capaz de...	BEN	REGULAR	MAL
Dar e pedir información con distintos graos de seguridade			
Discutir información			
Usar o SE como marca de reflexividade, impersonalidade, involuntariedade			
Usar construcións pasivas			
Escribir postais e tarxetas			
Usar os signos de puntuación			

- ❖ Que palabras desta unidade quero recordar?
- ❖ Que cuestións gramaticais me parecen máis complicadas?
- ❖ Que actividade me foi de maior axuda?
- ❖ Cal non me gustou? Por que?
- ❖ Participei suficientemente na clase?
- ❖ Que podo mellorar?



Transcripción do audio

1. Actividade introdutoria. Angélica vai deixar o seu traballo e a cidade, e está celebrando a despedida cos compañeiros do curso.

ANGÉLICA: Ben... moitas grazas por ter vido todos á cea, así podo despedirme de todos. Graciñas por este regalo tan bonito, pero non tiñades que comprar nada. Con este teléfono estarei sempre localizable e asegúrovos que vos chamarei. E... e, sobre todo, graciñas por todas as cousas tan bonitas que me dixestes...

A min tamén me dá pena marchar, pero..., xa sabedes, non podo estar moito tempo no mesmo sitio... De verdade que... non sei como agradecervos a paciencia que tivestes comigo...

Lembrades o día que se perderon os señores, todos me botastes unha man, non o esqueceréi nunca...

Quero pedirvos desculpas polas molestias que vos causei no curso, sobre todo ao principio, pola miña inexperiencia. Pero, grazas a vós e á vosa comprensión, aprendín moitas, moitas cousas.

Gustaríame que todos tivésedes un recordo de min tan bo coma o que eu teño de vós e, por suposto, encantárame que me viñésedes facer algunha visita...

Ben, o dito, grazas por todo... Que teñades todos moita sorte!

COMPAÑEIROS: Saúde! Por ti! Sorte! Moita sorte!